

# ***Mentres más somos... Apuntamentos paremiolóxicos romances co gallo dos cinco refráns más votados na enquisa “Els refranys més usuals de la llengua catalana”<sup>1</sup>***

Joan Fontana i Tous  
Universitat de Barcelona  
joan\_fontana@ub.edu

Xus Ugarte i Ballester  
Universitat de Vic – Universitat Central de Catalunya  
x.ugarte@uvic.cat

Resumo: O proxecto “Els refranys més usuals de la llengua catalana” (<http://www.refranysmesusuals.cat/>) conseguiu recoller, entre o mes de xaneiro do 2014 e o mesmo mes do 2015, 884 enquisas representativas dos territorios catalanfalantes. Despois de ter examinados os datos e unha vez elaborada unha clasificación xeral, propoñémonos contextualizar no ámbito romance os cinco refráns cataláns más votados. Procuraremos os seus equivalentes romances e, cando sexamos quen de os atopar, comentaremos algúns aspectos que nos pareza destacable. Aínda que no noso artigo a principal lingua de equivalencia sexa o galego, tamén teremos en conta boa parte das linguas romances, como o castelán, o francés, o italiano, o portugués, o romanés, o occitano, o friulano e, se cadra en menor medida, o asturiano. Finalmente, incluiremos as equivalencias en inglés das paremias más populares.

Palabras clave: refráns cataláns, enquisa dixital, paremioloxía comparada, paremioloxía románica.

*Abstract: The project “Els refranys més usuals de la llengua catalana” (<http://www.refranysmesusuals.cat/>) (The most common proverbs in the Catalan language) succeeded in collecting, between January 2014 and January 2015, eight hundred eighty-four (884) surveys from Catalan-speaking territories. Having examined the data and established a general ranking, our purpose is to contextualize within the scope of Romance languages the top five rated Catalan proverbs. Once we have the Romance equivalents, we will comment on the outstanding aspects of these proverbs. Although Galician is the*

<sup>1</sup> Data de recepción: 30.11.2016. Data de aceptación: 15.03.2017.

Agradecemos a José Enrique Gargallo, Víctor Pàmies e Malores Villanueva a lectura atenta deste artigo así como os seus sempre xentís consellos. Á derradeira, ademais, debemos a non menos xentil corrección gramatical do noso galego.

*main language of our article, we will take into account most Romance languages, such as Spanish, French, Italian, Portuguese, Romanian, Occitan, Friulian and perhaps to a lesser extent, Asturian. Finally, we will include the English equivalents of the most popular proverbs.*

*Keywords:* Catalan proverbs, digital survey, comparative paremiology, Romance paremiology.

## 1. A enquisa “Els refranys més usuals de la llengua catalana”

O proxecto “Els refranys més usuals de la llengua catalana”, coordinado dende as universidades de Barcelona (Joan Fontana, José Enrique Gargallo e Víctor Pàmies) e Vic – Central de Catalunya (Xus Ugarte), pretende aproveitar as novas tecnoloxías a fin de estudar os refráns cataláns<sup>2</sup>. Neste sentido, enquisas electrónicas como o *Top ten de refranys catalans*<sup>3</sup> (2010), que desenvolveu un dos coordinadores do proxecto, o paremiólogo Víctor Pàmies<sup>4</sup>, serviron de base para a enquisa do noso estudo (aberta do 15 de xaneiro do 2014 ata o mesmo día do 2015), que se baseaba nun documento Excel dispoñible na páxina [www.refranysmesusuals.cat]. Este documento<sup>5</sup> constaba de dúas partes: na primeira, pedíanse algúns datos persoais como o nome, os apelidos, o enderezo electrónico de contacto, a data e o lugar de nacemento, o lugar de residencia, así como as linguas materna e paterna, as cales, cómpre dicilo, non tiñan que coincidir necesariamente co catalán, xa que a única condición para participar na enquisa era a de ser quen de falar catalán sen importar a orixe xeográfica ou familiar. Na segunda parte, aparecía o corpus da enquisa propiamente dita: 497 refráns divididos en quince temas. Para cada refrán, propúñase aos participantes que especifiquesen na columna *Codi* (á esquerda da paremia) se non o coñecían (cun *N*), se o coñecían (cun *S*), ou se, ademais de sabelo, tamén o empregaban (cun *U*). Por outra parte, pareceunos pertinente aclarar se o participante empregaba e/ou coñecía o refrán tal como figuraba na enquisa ou se usaba algunha variante; por iso, habilitouse a cela *Variants* (á dereita da paremia). Amais, ao final de cada un dos quince temas, constaba unha cela denominada *Més*, na que o enquisado podía apuntar todos os refráns que botase en falta en cada apartado.

## 2. Os cinco refráns más votados da enquisa

Cando se pechou a recepción de enquisas, o proxecto conseguiro 884 contribucións procedentes dos diversos territorios catalanfalantes<sup>6</sup>, e tamén doutras persoas nadas e/ou residentes noutras terras e que, porén, falaban catalán. O resultado foi unha base de 440.000 datos (é dicir, todas as respostas da columna *Codi*) que tamén inclúe as 12.804 variantes de refráns que os participantes propuxeron, así como os 3.618 refráns engadidos na cela *Més* e que, polo tanto, non constaban na escolma inicial. Unha vez analizados os resultados, os cinco refráns más votados foron os seguintes:

<sup>2</sup> Para máis información, véxase Pàmies (2017).

<sup>3</sup> Véxase a páxina web: [<http://vpamies.dites.cat/p/top-ten-dels-refranys-catalans.html>].

<sup>4</sup> Para unha listaxe completa da morea de estudos electrónicos no ámbito paremiolóxico desenvolvidos polo autor, véxase Puigmalet (2012: 367-371).

<sup>5</sup> Para máis detalles, véxase Fontana, Gargallo, Pàmies e Ugarte (2017).

<sup>6</sup> Ibídem.

- (1) *Més val sol que mal accompanyat* (1.665 sobre 1.768)<sup>7</sup>
- (2) *Feta la llei, feta la trampa* (1.660 sobre 1.768)
- (3) *Hi ha més dies que llonganisses* (1.659 sobre 1.768)
- (4) *Com més serem, més riurem* (1.658 sobre 1.768)
- (5) *Qui paga, mana* (1.658 sobre 1.768)<sup>8</sup>

Dende unha perspectiva antropolóxica e social, os resultados dos refráns más votados poderíannos levar a múltiples lecturas; sen esquecer que a enquisa a respondeu un 0,01% dos catalanfalantes, apuntamos algunhas tendencias que, lonxe de sinalalas como contraditorias, coidamos que manifestan a complexidade da sociedade e a idiosincrasia de cada un dos seus compoñentes. Neste sentido, as paremias más populares amosan, en primeiro lugar, prudencia coas compañías, ata o punto de afastalas ben lonxe se non resultan proveitosas (*Més val sol que mal accompanyat*); no caso contrario, vemos como o espírito hospitalario e festivo se atopa moi presente (*Com més serem, més riurem*). Por outro lado, a paciencia e o feito de tomarse a vida cunha certa filosofía estarían na base dos que empregan *Hi ha més dies que llonganisses*, un dito co que se aconsella non precipitarse, xa que, cando se perde unha oportunidade, pode ser que non aparezca ningunha outra máis adiante. O desencanto pola marcha da xustiza (*Feta la llei, feta la trampa*) expresa unha fatalidade inevitable que vencella o escepticismo á picaresa e que fraterniza coa quinta paremia máis votada, *Qui paga, mana*; ambos os refráns condensan todo un tratado de política popular, é dicir, unha visión (que, por desgraza, non parece en vías de extinción) dos ricos e, polo tanto, tamén poderosos, por parte da cidadanía.

Para rematarmos, gustaríanos apuntar un dato que, nun primeiro momento, abraiou ós coordinadores do proxecto: ningún refrán meteorolóxico ou do calendario se atopaba entre os más votados. A razón é que se trata de fórmulas que, aínda que todos coñezamos (*A l'abril aigües mil*; *Pel maig cada dia un raig*, ou *Per Nadal cada ovella al seu corral*), xa non representan unha referencia fundamental nun tipo de sociedade agropecuaria e perderon a importancia que daquela tiñan na vida cotiá, tamén debido ao éxodo masivo das zonas rurais á cidade. De feito, o que daquela marcaba a pauta do traballo agrícola, hoxe converteuse nunha simple curiosidade pintoresca. Así pois, da clasificación dos refráns más votados, só o número seis, *La primavera la sang altera*, e o dezaseste, *A l'estiu tota cuca viu*, se refiren a épocas do ano, aínda que nun sentido translaticio e claramente desvinculado do mundo agrícola onde naceron.

<sup>7</sup> Asignamos cero puntos se o encuestado non sabe o refrán; un punto se o coñece, e dous puntos se, amais de coñecelo, tamén o emprega. Deste xeito, a puntuación máxima de cada paremia sería 1768 (é dicir, dous puntos en cada enquisa).

<sup>8</sup> O empate técnico entre os refráns 4 e 5 resólvese a favor de *Com més serem, més riurem*, dado que esta paremia recibiu máis *U* na columna de *Codi*; así pois, o refrán *Qui paga, mana* resulta máis coñecido pero menos empregado na fala cotiá.

## 2.1. Més val sol que mal accompanyat

Velaquí o refrán más popular da nosa enquisa; non en balde, obtivo 1.655 puntos dun máximo de 1.768. En efecto, as marcas de uso e a propia experiencia lingüística demóstronos que se trata dunha paremia moi empregada en galego, castelán, catalán, italiano e inglés, entre outras linguas; a iso axuda o feito de que o seu significado sexa moi doado de entender, xa que esta paremia, contrariamente a outras das que falaremos máis adiante, ten plena validez en sentido literal. O refrán significa que é mellor a soidade que unha mala compañía. Nas respuestas das enquisas, propuxéronnos variantes e equivalentes abondos: introducido por *Val més* ou *Més val*; *Anar* (ou *Estar*) *sol*; *A soles*; *Tot sol*. Unha variedade, en definitiva, que non fai senón indicarnos a vitalidade dunha paremia que xa atopamos no *Tirant lo Blanc* (I, CIX): "Si yo prench aquest per marit e si no me hix tal com yo volria, hauria ésser homeyera de la mia persona, que seria forçada de fer actes de gran desesperació perquè a mi és semblant que més val star sola que ab mala companyia".

No refraneiro catalán, Farnés (1999: VIII, 150, núm. S1263) ofrécenos a variante *Més val anar sol que mal accompanyat*, e Conca (1988: 161) formúlaa así: *Val més estar sol que mal accompanyat*. Un equivalente ainda más gráfico e pintoresco chéganos da man deste refrán que ten como protagonista unha besta moi habitual nas aldeas non hai tantas décadas: *Bou sol se llepa com vol<sup>9</sup>* (Farnés 1993: II, 350, núm. B1523). Mais, deixando o boi á súa vontade, iniciamos agora un percorrido polas linguas románicas<sup>10</sup>, de oeste a leste, que nos vai axudar a decatarnos da literalidade das equivalencias:

**GAL:** *Máis vale soilo [sic] que mal acompañado* (Ferro 1995: 173, núm. 2455) e *Vale más solo que mal acompañado* (Taboada 2000: 162).

**PORT:** *Mais vale só que mal acompanhado* (Machado 2011<sup>4</sup>: 299), coa variante *Mais vale andar só que mal acompanhado* (Machado 2011<sup>4</sup>: 295).

**ESP:** *Más vale estar solo que mal acompañado* (Oliver 1983: 121, núm. 1499). Se facemos unha incursión no segundo acto de *La Celestina* (1499), atoparemos a un Calisto impaciente e tolo de amor que se queixa a Pármeno da pouca eficacia, ó seu entender, das xestións dos criados para aceleraren contactos con Celestina: *Valiera más solo que mal acompañado*<sup>11</sup> (Rojas 1997: 136).

**OC:** *Vau miés souleso que marrido coumpagno* (Blanchet 2002: 6). Como calquera refrán pode ter o seu contrario, velaquí a antiparemia *Vaut meù petàe en cumpagnàié que de crvae tot seùl* (Chévrier, Chenin e Le Quellec 2007: 268, núm. 182; 151, núm. 176), procedente das variantes de Poitou e de La Vendée.

<sup>9</sup> Cómprale lembrar que o refrán castelán *El buey suelto bien se lame* aparece no *Quijote* (II, 22). Para máis detalles, véxase Fontana (2014: 180-181).

<sup>10</sup> As abreviaturas das linguas empregadas son as seguintes: GAL (galego), PORT (portugués), ESP (castelán), OC (occitano), FR (francés), IT (italiano), FRI (friulano), ROM (romanés) e ING (inglés).

<sup>11</sup> Unha nota ó pé remite ó refrán *Más vale solo que mal acompañado*, en Correas, Gonzalo (ed. Miguel Mir). *Vocabulario de refranes y frases proverbiales que juntó el maestro*, Madrid: RAE, 1906, p. 452.

**FR:** *Il vaut mieux être seul que mal accompagné* (Montreynaud, Piuron e Suzzoni 1993: 61, númer. 1205; Dournon 1986: 316).

**IT:** *Meglio soli che male accompagnati* (Arthaber 1929: 646, númer. 1288<sup>12</sup>; Schwamenthal e Straniero 1991: 303, númer. 3322).

**FRI:** *Miei sôi che in triste compagnie e Miôr sôi che mál compagnâz*<sup>13</sup> (Ostermann 1995: 129).

**ROM:** *Mai bine singur în casă, decât în rea adunare*<sup>14</sup> ['Mellor solo na casa, que en mala compañía'] (Flonta 1992: 44, númer. 247) e *Dacă te știi vrednic, nu sta c-un nemernic* ['Se te sabes digno, non esteas cun canalla'] (Calciu e Samharadze 2005<sup>2</sup>: 851, s. v. *solo*).

E para rematarmos cun equivalente non románico, velaquí o inglés *Better be alone than in bad company* (Fergusson 1983: 161, númer. 6).

## 2.2. Feta la llei, feta la trampa

*La historia grande del Cid dice que tuvo principio este refrán<sup>[15]</sup> en el rey don Alfonso que ganó a Toledo, porque pretendía la reina que se usase el rezado romano en España, como en Francia, y se dejase el mozárabe de San Isidoro; resistióse el Clero, y remitióse el caso a la batalla de dos caballeros, y venció el de la parte del mozárabe; con todo esto, porfió la reina, y volvióse a remitir a juicio de fuego: que echasen dos misales en una gran hoguera, y echados, saltó fuera el romano, como echado vencido fuera de la estacada. Quedó el mozárabe en medio, sano, haciendo plaza el fuego; con todo, insistieron los reyes y mandaron usar el romano a disgusto de todos, dijeron: «Allá van leyes do quieren reyes» (Gonzalo Correas apud Iribarren 1974<sup>4</sup>: 570).*

A orixe do refrán *Allá van leyes do quieren reyes*<sup>16</sup> (citado no *Quijote*: II, 37) parécenos moi axeitada para subliñar o feito que, por desgraza, *Inventa lege, inventa fraude*<sup>17</sup> (Peris 2001: 95, númer. 1422), ou ben *Every law has a loophole* (Fergusson 1983: 104, númer. 12); é dicir, agora en galego: *Cando a lei se ía facendo, a faramalla*<sup>[18]</sup> ía nacendo (Conde 2001: 421, númer. 1.106). De aquí a crer que *Les lois sont faites pour être violées*

<sup>12</sup> O autor ofrécenos o equivalente en latín (*Malo solari quam perverso sociari*), francés (*Mieux vaut seul, que mal accompagné*), castelán (*Más vale solo que mal acompañado*), alemán (*Besser allein als in böser Gemein*) e inglés (*Better alone than in bad company*).

<sup>13</sup> Oriana Serafini (nativa de Remanzàs, Udine) ofrécenos a seguinte variante oral: *Miôr bessôi che mal compagnâz*.

<sup>14</sup> A peculiaridade lingüística do romanés aconséllanos engadir sistematicamente, a carón do refrán, a súa tradución.

<sup>15</sup> Refirese ó refrán *Allá van leyes do quieren reyes*, que aparece ó final do fragmento.

<sup>16</sup> Para máis información, véxase Fontana (2014: 79-81).

<sup>17</sup> Fonte latina citada por autores como Etxabe (2001: 200) ou Schwamenthal e Straniero (1991: 241, númer. 2616).

<sup>18</sup> Segundo o *Diccionario galego-castelán* (1951) de Leandro Carré Alvarellos (consultado a través da páxina web [<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>] ): "Enredo, chisme, intriga".

(Camps e Botet 2006: 128) soamente hai un paso. Ademais, moitas veces, como no caso do anterior exemplo, *La loi est souvent violée par celui même qui l'a faite* (Conde 2001: 421, n.º 1.106). Sexa como sexa, a paremia vai moi en consonancia coa preocupación pola corrupción e co descrédito que actualmente vive a política.

A paremia catalá, que subliña como as disposicións legais sempre teñen algúñ defecto que permite transgredilas impunemente, presenta unha clara estrutura bimembre en paralelo: "*Feta la + Substantivo feminino, feta la + Substantivo feminino*", que tamén atopamos en castelán, *Hecha la ley, hecha la trampa* (Martínez Kleiser 1995 [1953]: 701, n.º 61.348; Etxabe 2001: 200), e en galego, neste caso, coa posibilidade de cambiar o substantivo do segundo hemistiquio (*trampa*) por *malicia*: *Feita a lei, feita a trampa (malicia)* (Conde 2001: 421, n.º 1.106). Aínda que noutras línguas romances mantense a fórmula "Participio + Artigo + Substantivo" en ambos os hemistiquios, o participio da segunda parte (*cuidada, inventada, pensata, trovato e pensade / pensát*) non coincide co da primeira (*feita, fatta e fate*):

**PORT:** *Feita a lei, cuidada a malicia* (Machado 2011<sup>4</sup>: 245).

**ESP:** *Hecha la ley, inventada la malicia* (Martínez Kleiser 1995 [1953]: 415, n.º 36.424).

**FR:** *Dès que la loi est faite, on cherche la manière de la violer*<sup>19</sup> (Conde 2001: 421, n.º 1.106).

**IT:** *Fatta la legge, pensata la malizia*<sup>20</sup> e *Fatta la legge trovato l'inganno* (Schwamenthal e Straniero 1991: 241, n.º 2616).

**FRI:** *Fate la lez, pensade la malizie* e *Fate la lez, pensât l'ingjan* (Ostermann 1995: 328).

Cómpre engadir que, ás veces, no ámbito hispánico, se pode atopar, no lugar da estrutura participial, a seguinte formulación cun pronomé relativo no inicio, moi habitual na formación paremiolólica:

**GAL:** *Quen fixo a lei, fixo a trampa* (Ferro 1995: 356, n.º 6253; Conde 2001: 421, n.º 1.106).

**AST:** *Quien fexo la llei fexo la trampa* (Sánchez e Cañedo 2012: 138, n.º 2329).

**ESP:** *Quien hizo la ley hizo la trampa* e *El que hizo la ley hizo la trampa* (Refranero multilingüe<sup>21</sup>).

Finalmente, o romanés prefire unha versión dinámica na que os pícaros perseguen a lei que os precede e que nos lembra unha paremia en castelán que tamén recollemos:

<sup>19</sup> O que en friulano, segundo Ostermann (1995: 328), soaría así: *No je mai fate lez [/] che pensât nel séi l'ingjan*.

<sup>20</sup> Refrán localizado na Toscana pola fonte consultada.

<sup>21</sup> Aloxado na páxina web do Centro Virtual Cervantes e de consulta en liña a través do seguinte enlace: [<http://cvc.cervantes.es/lengua/refranero/Busqueda.aspx>].

**ESP:** *Tras la ley va la trampa* (fonte oral<sup>22</sup>).

**ROM:** *Legea ïnainte, sirejii după ea*<sup>23</sup> ['A lei diante, os pícaros detrás dela'] (Cuceu 2008: 180, núm. 3663).

Permitímonos pechar este apartado cun dos versos más inspirados da *Commedia* dantesca que, segundo a nosa humilde opinión, debería figurar no frontispicio de calquera xulgado público: *Le leggi son, ma chi pon mano ad esse?* (*Purgatorio*: XVI, v. 97).

### 2.3. *Hi ha més dies que llonganisses*

Esta paremia quere subliñar que sempre nos queda tempo abondo, que non cómpre precipitar os acontecementos nin facer nada ás présas. Porén, esta é unha interpretación de épocas recentes, xa que outras glosas más antigas aluden á necesidade de aforrar a comida durante a carestía. Polo tanto, é preciso encher a despensa porque o ano vai durar moitos días e a *llonganissa*, áinda que o seu nome nos suxira algo *longo*<sup>24</sup>, énos moi curta. Neste sentido, o significado aparece moi claro nunha sociedade na que moi poucos eran quen de poder atar os cans con longaínzas e que, ata non hai tanto, miraba este produto cárnico coma inalcanzables *delicatessen*. Hoxe, coa industrialización, as longaínzas multiplicáronse tanto que non fai falla esperar á matanza do cocho, e, quen quiere, pode compralas (en moi diversas calidades) e comelas cada día do ano se o deseja e a saúde llo permite.

Os participantes na enquisa propuxéronnos algunas variantes da paremia. Ademais de combinar *llonganisses*, *llangonisses*<sup>25</sup> e *botifarra*<sup>26</sup>, coñecen versións más longas do refrán: *Hi ha més dies que llonganisses, més setmanas que botifarres i més anys que capellans*<sup>27</sup>, documentada en Carles Ros, no 1736, e na maioría dos repertorios xerais posteriores como os de Farnés (1994: III, 654, núm. D844) e Parés (1999: 61, núm. 89), que a documentan na variante *Hi ha més dies que llonganisses*, á cal Parés engade variantes como: *Hi ha més anys que capellans i més dies que llonganisses ou Hi ha més dies que llonganisses i més setmanas que botifarres*.

Na mesma tónica, tanto dende o punto de vista do espírito como do léxico, o galego, o portugués e o castelán ofrécenos os seguintes equivalentes case literais:

**GAL:** *Hai más días que longainzas* (Ferro 1995: 266, núm. 4421).

<sup>22</sup> O refrán atópase, por exemplo, nunha noticia do xornal *Gara* do dous de maio do 2008: [<http://gara.naiz.eus/paperezko/20080502/75705/es/De-Ley-trampa-trampa-chapuza-chapuza-fracaso>].

<sup>23</sup> Para máis exemplos da curiosa relación entre a lei e os humanos nas paremias romancesas, véxase Fontana (2014: 80).

<sup>24</sup> Segundo o DECAT (1985: V, 250, s. v. *llonganissa*), a etimoloxía viría "del ll. vg. LŪCANICA, derivat del ll. LŪCANICA 'botifarra o llonganissa', així dita perquè en feien a Lucânia".

<sup>25</sup> Variante que se recolle no DCVB.

<sup>26</sup> Segundo o DIEC (s. v. *botifarra*): "Embotit elaborat farcint un budell amb carn trinxada, generalmente de porc, espécies i sal".

<sup>27</sup> A paremia atópase en Parés (1999: 61, núm. 89) coa glosa: "No cal tenir pressa. Consell per als impacients". Así mesmo, destacamos unha variante vexetariana da nosa enquisa: *Haver-hi més dies que xirivies*.

**PORT:** *Mais dias há que lingüicas*<sup>28</sup> e *Há mais dias que lingüicas*<sup>29</sup>. Por outra parte, Machado (2011<sup>4</sup>: 263) explica que imos ter más ocasións para facermos o que queríamos coa metáfora mariñeira *Há mais marés que marinheiros*, moi concorde ó espírito navegante dos lusitanos.

**ESP:** *Más días hai que longanizas*<sup>30</sup>. Segundo o *Diccionario de autoridades* (2013 [1726- 1739]) (Tomo III- 1732, s.v. *días*), cunha glosa coincidente cos significados que citabamos máis arriba:

*Refr: que enseña la economía, que las provisiones del gasto quotidiano se deben reservar y no apurar en poco tiempo, para evitar así la falta o el gasto. Se dice tambien para explicar que no es conveniente la apresuración en los negocios, venciendo más las dificultades el tiempo y el sossiego, que la velocidad apresurada, o el empeño en la brevedad.*

Ademais, o *Diccionario de autoridades* intercala a paremia latina *Nondum omnium dierum Sol occidit*, é dicir, que non cómpre preocuparse mentres o sol continúa a saír todos os días. Agora, se viaxamos ata o Hexágono, veremos que o símbolo alimentario se substitúe pola neutralidade de días e semanas, o que tamén nos vai aparecer na Península Itálica:

**OC:** *I a mai de jorns que de setmanes*<sup>31</sup> (Perbosch 1996 [1982]: 4).

**FR:** *Il y a plus de jours que de semaines* (Camps e Botet 2006: 130) e *Il y a encore des jours après aujourd’hui* (Dournon 1986: 167).

**IT:** *Ci sono più giorni che salsicce* (Boggione e Massobrio 2004: 249, núm. V.4.5.11.13.S.I.) e *Vi son più di che lucaniche*<sup>32</sup> (2004: 249, núm. V.4.5.11.13.S.).

Polo que respecta ó friulano e ó romanés, áinda que a mensaxe sexa a mesma, prescíndese da carne e as paremias collen un aire máis filosófico:

**FRI:** *Al è plui temp che vite*<sup>33</sup> ['Hai máis tempo que vida'].

<sup>28</sup> Esta paremia atópase na páxina web: [<http://quemdisse.com.br/frase.asp?f=mais-dias-ha-que-linguicas&a=proverbio-portugues&frase=78270>].

<sup>29</sup> Neste caso tomamos como referencia: [<http://www.citador.pt/proverbios.php?op=7&theme=lingui%E7a&firstrec=0>].

<sup>30</sup> Non podemos evitar a tentación de transcribir a saborosa anécdota que recolle Iribarren (1974<sup>4</sup>: 587): "En una comedia moderna, creo recordar que de *Tono*, se hace un chiste a propósito de esta frase. Al final de uno de los actos, uno de los personajes sufre un síncope. «¡Hay que llamar al doctor Díaz, inmediatamente!», propone alguien. Entonces, una de las mujeres toma la lista de teléfonos (la de Madrid) y trata, a toda prisa, de buscar el teléfono del doctor. «Díaz, Díaz, Díaz, Díaz...». Y sigue revisando los abonados de este apellido tan común, hasta que al fin, desesperada, exclama: «¡Hay más Díaz que longanizas!».

<sup>31</sup> Perbosch engade un segundo hemistiquio explicativo: *Los bons jorns nepòrtan los maissants*.

<sup>32</sup> O diccionario TRECCANI (s. v. *lukaniga*) explícanos: "Voce settentr., diffusa in tutto il Veneto e in Lombardia, sinon. di *salsiccia* in genere, e nome locale di alcuni tipi di salsicce tradizionali di quelle regioni, per lo più a forma di lungo e sottile cilindro, senza le caratteristiche strozzature". A orixe etimolóxica de *lukanica* relaciónnase coa zona da Lucania.

<sup>33</sup> Variante oral certificada por Oriana Serafini (Remanzâs, Udine).

**ROM:** *Că doar n-au intrat zilele în sac* ['Que só non entraron os días no saco'] (Calciu, Duhăneanu e Munteanu 1979: 322, s. v. *doar*).

## 2.4. *Com més serem, més riurem*

Esta paremia ocupa o cuarto lugar da clasificación xeral e trátase do refrán con maior puntuación en Cataluña. Segundo o DCVB (s. v. *riure*), “es diu en convidar algú a agregar-se a una colla”. Atopámonos diante dunha paremia do máis actual e popular que, non en balde, ten 17.600 entradas no buscador Google<sup>34</sup>, a maioria provenientes de citacións dos medios de comunicación e tamén de incitacións ó “gregarismo”, é dicir, invitacións a unha “calçotada” municipal, a unha carreira para todas as idades, a unha posta en común para preparar a festa maior da aldea... Todas elas pronunciadas coa inocente certeza de que na alegría sempre hai consenso.

Os participantes na enquisa propuxéronnos variantes como *Quants més serem, més riurem*, de pronunciación menos doada que a variante que comeza con *Com*; ou tamén algunha outra con cambio do tempo ou/e da persoa do verbo, que se adapta á situación comunicativa: *Com més són, més riuen*.

Aínda que atopamos *Cuántos más seamos / seremos, más nos reiremos*<sup>35</sup> en diversas fontes de Internet cuxos autores non pertencían a territorios de fala catalá, e, polo tanto, non se trataría de catalanismos recentes, cremos que *Cuántos más, mejor* sería o modismo que se empregaría con máis naturalidade en castelán<sup>36</sup>. Cómpre engadir que esta última forma non a atopamos en ningún refraneiro. Porén, a forma *Cuántos más... más* (coa concordancia de xénero e número e a variación de *menos* por *más*) resulta unha expresión habitual nesta lingua. Así pois, as variantes románicas de *Com més serem, més riurem* (Parés 1999: 566, núm. 1351), que fomos quen de atopar, son as seguintes:

**GAL:** *Cantos más, mellor* (fonte oral<sup>37</sup>) e *Mentres más somos más valemos* (Ferro 1995: 149, núm. 1958). O galego obvia o criterio lúdico para darrlle máis transcendencia e valor ó aumento da concorrenza. Cómpre destacar que son poucos os ditos galegos que loen a abundancia, xa que o refraneiro prefire relativizar as cantidades ou ben o que é pouco pero bo<sup>38</sup>.

**ESP:** *Cuántos más, mejor* (proposta dos autores).

<sup>34</sup> Consulta realizada o 2 de agosto do 2016.

<sup>35</sup> A guisa de exemplo: [<http://iesaugustobriga.juntaextremadura.net/memoria/Dichos.htm>] (Navalmoral de la Mata, Cáceres) ou [<http://msartesplasticas.blogspot.com.es/2013/12/cuanto-mas-seremos-mas-nos-reiremos.html>] (Ocaña, Toledo).

<sup>36</sup> Sorpréndenos que o *Refranero multilingüe* do Centro Virtual Cervantes [<http://cvc.cervantes.es/lengua/refranero/ficha.aspx?Par=58752&Lng=10>] dea como equivalentes da nosa paremia o portugués *Éramos trinta, pariu nossa avó*, o galego *Éramos poucos e pariu miña avoa* ou o castelán *Eramos pocos, y parió la abuela*, tres refráns que sublinhan o feito que as desgrazas nunca chegan soas (que é precisamente a versión proposta para o italiano: *Le disgrazie non vengono mai sole*), cando, polo contrario, *Com més serem, més riurem* invita alegremente a aumentar o grupo.

<sup>37</sup> Opción recollida, e unanimemente escollida, en todas as persoas consultadas.

<sup>38</sup> Véxanse, por exemplo, os tres refráns seguintes: *Tanto ten o más como ten o menos* (Ferro 1995: 149, núm. 1969), *Tódolos anos choveu o mesmo, canado más, canado menos* (Ferro 1995: 149, núm. 1970) e *O pouco agrada e o moito enfada* (Ferro 1995: 149, núm. 1962).

**OC:** *Au mai siam, au mai risèm* (provenzal do Ródano) e *Au mai siam, au mai riam* (provenzal marítimo) (blog *Aquò d'Aquí*)<sup>39</sup>. Paremiás que coinciden case literalmente coa catalá.

**ROM:** *Cu cât mai mul̄ti, cu atât mai bine* ['Cantos más, tanto mellor'] (fonte oral<sup>40</sup>) e *Cu cât suntem mai mul̄ti, cu atât e mai vesel/bine* ['Cantos más somos, tanto más alegre/ben'] (Milio 1999: 269, núm. 2265).

Polo que respecta ó francés, este introduce un adxectivo temerario para os risoños:

**FR:** *Plus on est de fous plus on rit*<sup>41</sup> (Dournon 1986: 140).

Os dous exemplos italianos substitúen a risa polo pracer da compañía (como tamén os refráns friulano e inglés) e da comida<sup>42</sup>, respectivamente:

**IT:** *Più siamo e meglio stiamo* (Boggione e Massobrio 2004: 271, núm. VI.1.1.8.b) e *Più si è a tavola, più mangi* (2004: 271, núm. VI.1.1.8.c).

**FRI:** *Plui o sin e miôr al è*<sup>43</sup> ['Máis somos e mellor é'].

**ING:** *The more, the merrier;* este proverbio contén unha segunda parte a xeito de antiparemia: *The fewer, the better fare* (Fergusson 1983: 117, núm. 75). Na orixe, *fare* referíase ós alimentos; en consecuencia, con poucos comensais, a cantidade asignada por persoa era máis abundante. Actualmente, *The fewer, the better* emprégase máis comunmente para expresar as bondades de estarmos “en petit comité”.

## 2.5. *Qui paga, mana*

*Pagant, Sant Pere canta*<sup>44</sup> (DCVB: s. v. *pagar*), ou, se o queredes de xeito menos prosaico, a coñecida fábula de La Fontaine *Le Loup et l'Agneau* comeza co refrán *La raison du plus fort est toujours la meilleure*<sup>45</sup>, que nos lembra unha paremia escolmada por Mistral (1979: II, 199, s. v. *lèi*): *Acò 's la lèi di chin, lou plus fort es lou mestre*. Se a iso lle sumamos a coñecida sentencia do *Satyricon* de Petronio, *Sola pecunia regnat*, non debería estrañarnos que a fonte bibliográfica do refrán catalán<sup>46</sup>, Farnés (1997: VI, 767, núm. P376), o relacione con dúas paremiás castelás do tipo *El rey es mi gallo* ou *No te hagas mandador donde no fueres Señor*. A mesma construción do refrán orixinal atopámola en diversas linguas:

**GAL:** *Quen paga manda* (fonte oral<sup>47</sup>).

<sup>39</sup> [[http://www.aquodaqui.info/glossary/au-mai\\_gw25.html](http://www.aquodaqui.info/glossary/au-mai_gw25.html)] [consultado o 2 de agosto do 2016].

<sup>40</sup> Basta procurar o refrán en Google para decatarse dos miles de resultados que o lexitiman.

<sup>41</sup> A título anecdótico, Privat (1998: 95) apúntanos que este refrán, no francés do Québec, trúfase co anglicismo *fun*: “Plus on est de fous, plus on a de fun”.

<sup>42</sup> O tema dos alimentos ímo reencontrar no exemplo do inglés, ainda que cun sentido máis materialista.

<sup>43</sup> Paremia sacada dunha entrevista publicada en *La Patrie dal Friûl* (<http://www.lapatriedalfriul.org/?p=12262>).

<sup>44</sup> Para máis detalles sobre esta paremia catalá, véxase Pàmies e Palou (2012<sup>2</sup>: 132-134).

<sup>45</sup> Refrán que, por exemplo, atopamos no volume de Dournon (1986: 139).

<sup>46</sup> O refrán atopáse tamén, por exemplo, no DCVB (s. v. *pagar*).

<sup>47</sup> Aínda que esta paremia non figure nos principais refraneiros galegos, todas as persoas consultadas coñécenla e emprégana. Ademais, por citar unha fonte escrita, non é difícil atopala nalgún xornal: “Eis o poder dos consumidores responsables: quen paga manda. Se queremos, podemos!” (<http://www.farodevigo.es/>

**ESP:** *Quien paga manda* (fonte oral<sup>48</sup>).

**IT:** *Chi paga comanda* (fonte oral<sup>49</sup>).

**ROM:** *Cine plătește comandă* ['Quen paga manda'] (Calciu e Samharadze 2005<sup>2</sup>: 679, s. v. *pagar*).

Vexamos agora as prerrogativas das que gozan as persoas que teñen diñeiro nalgúns refráns que comezan así mesmo (*Quen ten cartos / diñeiro / din*):

**GAL:** *Quen ten din ten don* (Ferro 1995: 242, núm. 3927; Conde 2001: 179, núm. 409).

**ESP:** *Quien dinero tiene, alcanza lo que quiere* (Martínez Kleiser 1995 [1953]: 202, núm. 18.414) e *Quien dinero tiene, logra cuanto apetece* (Martínez Kleiser 1995 [1953]: 203, núm. 18.424).

**IT:** *Chi ha denari ha ciò che vuole* (Schwamenthal e Straniero 1991: 104, núm. 1141).

**FRI:** *Cui ch' al à bêz al à reson e Cui ch' al à bêz al à dut* (Ostermann 1995: 237).

Por outro lado, a seguinte serie de refráns deixá clara a omnipotencia da *pecunia*:

**GAL:** *O diñeiro pódeo todo* (Ferro 1995: 242, núm. 3918) e *O diñeiro manda* (Ferro 1995: 241, núm. 3916; Conde 2001: 179, núm. 410).

**PORT:** *Tudo pode o dinheiro* (Machado 2011<sup>4</sup>: 614).

**ESP:** *Todo lo alcanza el dinero* (Martínez Kleiser 1995 [1953]: 203, núm. 18.455).

**FR:** *L'argent peut (fait)<sup>[50]</sup> tout* (Conde 2001: 179, núm. 410) e *Monnaie fait tout* (Montreynaud, Pierron e Suzzoni 1993: 68, núm. 1402).

**IT:** *Con i soldi si fa tutto* (Schwamenthal e Straniero 1991: 177, núm. 1921) e *Coi quattrini si fa tutto* (Arthaber 1929: 575, núm. 1144).

**ING:** *Money talks* (Fergusson 1983: 189, núm. 117).

E rematamos de xeito musical, pero sen esquecer o poder que ostenta a persoa que alugou (é dicir, pagou) o músico:

**PORT:** *Quem paga a conta, encomenda a música* (*Refranero multilingüe*<sup>51</sup>).

**ING:** *He who pays the piper calls the tune*<sup>52</sup> (Flavell e Flavell 1993: 188).

---

[cartas/2013/07/24/dia-da-patria-galega-quen/850599.html](http://cartas/2013/07/24/dia-da-patria-galega-quen/850599.html)].

<sup>48</sup> No *Refranero multilingüe* ([<http://cvc.cervantes.es/lengua/refranero/Ficha.aspx?Par=59451&Lng=0>]), coa seguinte glosa: "Detenta el poder quien dispone de los medios económicos necesarios".

<sup>49</sup> A fonte oral pódese acompañar de catro contextos que demostran o uso habitual desta paremia; véxase o *Refranero multilingüe* ([<http://cvc.cervantes.es/lengua/refranero/Ficha.aspx?Par=59451&Lng=8>]).

<sup>50</sup> Soamente coa variante *sait*, en Arthaber (1929: 575, núm. 1144).

<sup>51</sup> Véxase o sinónimo do refrán *Quem paga a conta é que diz a hora de levantar a mesa* no seguinte enlace: [<http://cvc.cervantes.es/lengua/refranero/Ficha.aspx?Par=59451&Lng=6>].

<sup>52</sup> Refrán que non sorprende atopar tamén en escocés: *They wha pay the piper hae a richt tae ca'the tune*

### 3. Conclusións

Con algunas excepcións ou variantes, a mostra evidencia a estreita correspondencia paremiólica que existe entre as diversas linguas románicas; non en balde, o refrán más votado, *Més val sol que mal accompanyat*, atópase en toda a Romania, motivo polo que poderíamos cualificar a nosa paremia, segundo a denominación creada por Gargallo (2006: 303, nota 6), de *paremiotipo* (grupo de refráns que presenta a mesma estrutura profunda máis alá da súa expresión lingüística concreta<sup>53</sup>). No caso do segundo refrán, *Feta la llei, feta la trampa*, destacamos dúas formulacións: unha baseada na construción participial no inicio de ambos os hemistiquios (*Feita a lei, cuidada a malícia*, en portugués) e outra introducida por un pronomo relativo co verbo convxugado no lugar do participio (*Quen fixo a lei, fixo a trampa*, en galego). O terceiro refrán da lista, *Hi ha més dies que llonganisses*, atopámolo tamén en galego, portugués, castelán e italiano; noutras linguas pérdease a referencia porcina e os días vencéllanse ás semanas (caso do occitano e do francés), a un saco onde áinda non entraron todas as xornadas (no romanés) ou ben, de xeito máis filosófico, non son os días concretos senón un tempo abstracto o que se compara coa vida (no friulano). A continuación, *Com més serem, més riurem*, só coincide co occitano, xa que no refraneiro románico ponse en relación o feito de ser máis xente co de estar mellor, sen, porén, alusión ó acto de rir característico do refrán catalán. No quinto lugar, áinda que recorra a fontes orais en diversos casos (galego, castelán e italiano), a paremia *Qui paga, mana* resulta ben coñecida e, ás veces, amósase de xeito moi proteico, como no famoso verso quevediano, *Poderoso caballero es don Dinero*<sup>54</sup>, que poderíamos tomar a guisa de hiperónimo. Finalmente, e dentro da fraternidade romance demostrada nas paremias analizadas, cómpre destacar o papel do romanés, que, nalgúns casos (véxase 2.2. e 2.3.), atopa solucións propias que se desmarcan da tónica panrománica.

### 4. Referencias bibliográficas

- ÁLVAREZ, Xosé Afonso; BASTARDAS, María-Reina; FONTANA, Joan; GARGALLO, José Enrique; TORRES, Antonio (2016): “Géoparemiologie romane: le projet ParemioRom”, en *Géolinguistique* 16; 67-90.
- Aquò d'aquí* [[http://www.aquodaqui.info/glossary/au-mai\\_gw25.html](http://www.aquodaqui.info/glossary/au-mai_gw25.html)]. [02.08.2016].
- ARTHABER, Augusto (1929): *Dizionario comparato di proverbi e modi proverbiali*. Milano: Ulrico Hoepli.
- BLANCHET, Philippe (2002): *Dictionnaire fondamental français-provençal*. París: Ed. Jean-Paul Gisserot.
- BOGGIONE, Valter; MASSOBRI, Lorenzo (2004): *Dizionario dei proverbi. I proverbi italiani organizzati per temi. 30.000 detti raccolti nelle regioni italiane e tramandati dalle fonti letterarie*. Torino: UTET.

(MacGregor 1986: 57).

<sup>53</sup> Para máis detalles, pódese consultar o citado artigo de Gargallo (2006) e, máis recentemente, Álvarez, Bastardas, Fontana, Gargallo e Torres (2016: 67-90).

<sup>54</sup> Escolmado, por exemplo, por Martínez Kleiser (1995 [1953]: 202, núm. 18.407).

Joan Fontana i Tous, Xus Ugarte i Ballester. "Mentre más somos..." Apuntamentos paremiolóxicos romances co gallo dos cinco refráns más votados na enquisa "Els refranys més usuals de la llengua catalana"

- CALCIU, Alexandru; DUHĂNEANU, Constantin; MUNTEANU, Dan (1979): *Dicționar român-spaniol*. București: Editura Științifică și Enciclopedică.
- CALCIU, Alexandru; SAMHARADZE, Zaira (2005<sup>2</sup>): *Dicționar spaniol-român*. București: Univers Enciclopedic.
- CAMPS, Cristià; BOTET, Renat (2006): *Diccionari català-francès d'expressions, locucions i refranys*. Canet: Trabucaire.
- CENTRO VIRTUAL CERVANTES (2005-): *Refranero Multilingüe* [de consulta en liña: <http://cvc.cervantes.es/lengua/refranero/Busqueda.aspx>] [02.05.2017].
- CHÉVRIER, Jean-Jacques; CHENIN, Guillaume; LE QUELLEC, Jean-Loïc (2007): 2189 *Proverbes et Dictons en Poitou-Charentes-Vendée*. La Crèche: Editions Geste.
- COMBET, Louis; SEVILLA, Julia (1995): "Proverbes, expressions proverbiales, sentences et lieux communs sentencieux de la langue française d'aujourd'hui, avec leur correspondance espagnole", *Paremia* 4; 7-95.
- CONCA, Maria (1988): *Els refranys catalans*. València: Tres i Quatre.
- CONDE TARRÍO, Germán (2001): *Diccionario de refráns. Correspondencias en castelán e francés*. Vigo: Galaxia.
- CUCEU, Ion (2008): *Dicționarul proverbelor românești*. București-Chișinău: Litera Internațional.
- DCVB = ALCOVER, Antoni M. e Francesc de B. MOLL (1930-1962): *Diccionari català-valencià-balear*. Palma de Mallorca: Editorial Moll [10 vols]. Tamén de consulta en liña: [<http://dcvb.iecat.net/>] [02.05.2017].
- DECat = COROMINES, J. (1980-1991): *Diccionari etimològic i complementari de la llengua catalana*. Barcelona: Curial Edicions Catalanes / Caixa de Pensions «La Caixa» [9 vol.].
- DIEC = INSTITUT D'ESTUDIS CATALANS (2007<sup>2</sup>): *Diccionari de la Llengua Catalana*. Barcelona: Edicions 62 / Encyclopédia Catalana. Tamén de consulta en liña: [<http://dlc.iec.cat/>] [02.05.2017].
- DE NINO, Antonio (1994): *Proverbi abruzzesi*. Cerchio (Aq): Adelmo Polla Editore.
- DOURNON, Jean-Yves (1986): *Le dictionnaire des proverbes et dictons de France*. París: Hachette.
- ETXABE, Regino (2001): *Gran diccionario de refranes*. Barcelona: Larousse.
- FARNÉS, Sebastià (1992-1999): *Paremiología catalana comparada* (edición a cargo de Vidal Alcover, Jaume; Sunyer, Magí; Savall, Josep Lluís; coa colaboración de Pujol, Josep M.) [8 vols.]. Barcelona: Columna.
- FERGUSSON, Rosalind (1983): *Dictionary of proverbs*. Londres: Penguin.
- FERRERO RUIBAL, Xesús (1995): *Refraneiro galego básico*. Vigo: Galaxia.
- FLAVELL, Linda; FLAVELL, Roger (1993): *Dictionary of Proverbs and their Origins*. Londres: Kyle Cathie Limited.
- FLONTA, Teodor (1992): *Dicționar Englez-Spaniol-Portughez-Român de proverbe echivalente*. București: Teora.
- FONTANA, Joan (2014): "Algo va de Stan a Pedro. Parèmies populars a les traduccions romanescas integrals del Quijote". Tese de doutoramento. Universitat de Barcelona. Tamén de consulta en liña: [<http://deposit.ub.edu/dspace/handle/2445/57803>].

- FONTANA, Joan; GARGALLO, José Enrique; PÀMIES, Víctor; UGARTE, Xus (2017): "A refranys em convides! Gènesi, desenvolupament i primers resultats de l'enquesta digital «Els refranys més usuals de la llengua catalana»", en *Actes del XVIIè Col·loqui Internacional de Llengua i Literatura Catalanes* (a cura de Manuel Pérez Saldanya i Rafael Roca i Ricart). (València, 7-10 de xullo de 2015) [<http://publicacions.iec.cat/repository/pdf/00000251/00000001.pdf>].
- GARGALLO GIL, José Enrique (2006): "Quan surt la ratlla de Sant Martí.... Refranes romances del arco iris, meteorología y cultura popular", en *Quaderni di Semantica: rivista internazionale di semantica teorica e applicata* 27; 301-320.
- IRIBARREN, José María (1974<sup>4</sup>): *El porqué de los dichos (sentido, origen y anécdota de los dichos, modismos y frases proverbiales de España con otras muchas curiosidades)*. Madrid: Aguilar.
- MACGREGOR, Forbes (1986): *Scots Proverbs and Rhymes*. Edimburg: Gordon Wright Publishing.
- MACHADO, José Pedro (2011<sup>4</sup>): *O grande livro dos provérbios*. Alfragide: Casa das letras.
- MARTÍNEZ KLEISER, Luis (1995 [1953]): *Refranero general ideológico español*. Madrid: Real Academia Española.
- MILIO, Mariana (1999): *Dicționar de proverbe, maxime și zicători englez-român*. București: Editura Elis.
- MISTRAL, Frederic (1979 [1878-1886]): *Lou Tresor dóu Felibrige ou Dictionnaire Provençal-Français* [2 vols.]. Édition du centenaire sous la direction de Tuby, Victor. Genève / Paris: Slatkine / Édition de l'Unicorn.
- MONTRYNAUD, Florence; PIERRON, Agnès; SUZZONI, François (1993): *Dictionnaire de proverbes et dictons*. Paris: Le Robert.
- OLIVER, Juan Manuel (1983): *Refranero español*. Madrid: Sena.
- OSTERMANN, Valentino (1995): *Proverbi friulani raccolti dalla viva voce del popolo*. Udine: Del Bianco editore.
- PÀMIES, Víctor (2015): "Paremiología i internet", en *Anuari de Filologia. Estudis de Lingüística* 5; 127-140.
- PÀMIES, Víctor; PALOU, Jordi (2012<sup>2</sup>): *Els 100 refranys més populars*. Valls: Cossetània.
- PARÉS, Anna (1999): *Tots els refranys catalans*. Barcelona: Edicions 62.
- PERBOSC, Antonin (1996 [1982]): *Proverbes et dictons du Pays d'Oc*. París: Rivages.
- PERIS, Antoni (2001): *Diccionari de locuciones i frases llatines*. Barcelona: Enciclopèdia catalana.
- PRIVAT, Maryse (1998): "Proverbes québécois et proverbes français", en *Paremia* 7; 91-96.
- PUIGMALET, Joan (2012): recensión de "Víctor Pàmies (2005-2012): vpamies.dites.cat /// refranyer.dites.cat /// biblioteca.dites.cat /// diccionari.blogspot.com /// didactica.dites.cat /// tematic.dites.cat /// polsim. ditos. cat /// frasesfetes.dites.cat /// enciclopedia.dites.cat /// etimologies.dites.cat /// conferencies.dites.cat /// topica.dites.cat /// ulls.dites.cat /// cap.dites.cat.", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 14; 367-371.
- REAL ACADEMIA ESPAÑOLA (2013): *Diccionario de autoridades* (facsímile). Madrid: RAE.

Joan Fontana i Tous, Xus Ugarte i Ballester. "Mentres máis somos..." Apuntamentos paremiolóxicos romances co gallo dos cinco refráns más votados na enquisa "Els refranys més usuals de la llengua catalana"

ROJAS, Fernando de (1997): *La Celestina*. Madrid: Cátedra.

SÁNCHEZ VICENTE, Xuan Xosé; CAÑEDO VALLE, Xesús (2012): *Refraneru asturianu*. Uviéu: Trabe.

SCHWAMENTHAL, Riccardo; STRANIERO, Michele L. (1991): *Dizionario dei proverbi italiani*. Milano: Rizzoli.

TABOADA CHIVITE, Xesús (2000): "Refraneiro galego", en *Cadernos de Fraseoloxía galega* 2; 50-195.

TRECCANI = ISTITUTO DELLA ENCICLOPEDIA ITALIANA: *Vocabolario*. Tamén de consulta en liña: [<http://www.treccani.it/vocabolario/>].

